

REGULAMENTO ELECTORAL

**Para a elección a membros da Asemblea Xeral,
Presidente e Comisión Delegada da
Federación Galega de Patinaxe**



Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto da normativa.

O presente regulamento electoral ten por obxecto regular o proceso de elección dos órganos de goberno: Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Patinaxe con representatividade durante o período 2018 a 2022.

Artigo 2. Celebración de eleccións.

A Federación Galega de Patinaxe procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2018. O calendario electoral será o indicado no anexo a convocatoria das eleccións. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo deste regulamento.

Establécese como horario de apertura ao público, durante o proceso electoral, da sede federativa sita en Praza de Agustín Díaz, 3, 15008, A Coruña, o seguinte: Das 17,00 horas ata as 21,00 horas de luns a venres.

Artigo 3. Do Regulamento electoral



Este regulamento electoral é o conxunto de normas que regula a celebración do proceso electoral da Federación Galega de Patinaxe.

Debe ser aprobado pola Asemblea Xeral da Federación convocada ao efecto cun prazo de antelación mínimo de dez días naturais.

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Patinaxe, será remitido, cunha antelación mínima de corenta e cinco días á data prevista para o inicio do proceso electoral, á Secretaría Xeral para o Deporte, que resolverá, no prazo máximo de un mes, dende a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para emendas.

Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución se entenderá aprobado o regulamento.

No caso de ser necesaria a subsanación de emendas, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría Xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

Unha vez aprobado o regulamento pola Secretaría Xeral para o Deporte, esgotarase a vía administrativa e únicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

O regulamento electoral estará publicado no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Patinaxe e na sua páxina web, www.fgpatinaje.com, no apartado "procesos electorais" durante todo o proceso electoral.

Na convocatoria da Xunta da Asemblea Xeral para a aprobación do reglamento electoral, levarase como orde do día a autorización á xunta directiva a facer os cambios necesarios indicados pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral.

Capítulo II. Órganos electorais.



Artigo 4. Comisión xestora. Composición, duración e funcións.

Unha vez convocadas as novas eleccións, a xunta directiva da federación entenderase disolta e asumirá as súas funcións unha comisión xestora.

1. Da composición e duración da comisión xestora

A composición da comisión xestora, cun número de oito persoas membros más unha presidencia, será a seguinte:

- a) Catro persoas elixidas pola comisión delegada; deberán ter representación os estamentos de entidades deportivas, deportistas, xuíces e adestradores.

b) Catro persoas designadas pola xunta directiva antes da súa disolución ou, se é o caso, pola persoa titular da presidencia da federación, entre as cales se deberán incluír as persoas que exerzan as funcións de secretaría e tesouraría da federación.

c) A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen presida a federación galega ou, cando cese na dita condición ao finalizar o seu mandato, cando renuncie ao posto, cando prospere unha moción de censura ou cando presente a candidatura, a quen sexa elixida para tal función por e entre as que integren a comisión xestora.

2. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da federación non poderán pertencer á comisión xestora e deberán cesar na dita condición ao presentar a candidatura en cuestión.

3. A comisión xestora entenderase extinguída unha vez que tomen posesión todas as persoas membros dos órganos de goberno da federación.

4. Das funcións da comisión xestora



4.1. A comisión xestora será o órgano encargado de administrar e xestionar a federación durante o proceso electoral. Non poderá realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediatamente, induzan ou condicioneñ o sentido do voto dos electores, e deberán observar os principios de obxectividade, transparencia do proceso electoral e igualdade entre os actores electorais. Estas previsións serán aplicables á actividade desenvolvida polo persoal da federación e polos restantes órganos federativos durante o proceso electoral.

4.2. Se por circunstancias ou incidencias xurdidas durante o proceso electoral a súa finalización se demorase en exceso, dificultando, comprometendo ou poñendo en risco o desenvolvemento ordinario da actividade deportiva da federación, a comisión xestora, coa supervisión e autorización da Secretaría Xeral para o Deporte, poderá adoptar as medidas imprescindibles para evitar a dita situación.

Artigo 5. Da xunta electoral. Composición, duración e funcións.

1. Constituirase unha única xunta electoral que será o órgano encargado e de control das eleccións. Deberá resolver en primeira instancia as reclamacións que se presenten contra toda decisión adoptada no proceso electoral, agás a convocatoria das eleccións e a adopción do acordo polo que se aproba o regulamento electoral que únicamente poderá ser obxecto de recurso directamente ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, que serán elixidos e designados pola asemblea xeral na mesma sesión na que se aproba o regulamento electoral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma. De non existir candidatos, serán designados pola comisión delegada no prazo de tres días hábiles dende a celebración de dita asemblea.

As súas reunións celebraranse na sede federativa tantas veces sexa necesario e ás súas decisións serán publicadas no taboleiro de anuncios e na web da Federación na sección procesos electorais.

3. As persoas candidatas a membros da xunta deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser maior de 18 anos.

b) Ter, cando menos, o título de bacharelato superior ou equivalente.

c) Non formar parte dos órganos de goberno da federación, nin da comisión xestora nin ostentar postos directivos na federación.

d) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral. No suposto de presentarse como candidato a membro da Asemblea xeral ou á presidente da federación cesará no seu posto na xunta electoral e será substituído polo suplente.

e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

f) Aceptar expresamente o cargo de membro da xunta electoral.



4. Poderán ser candidatas a membros da xunta electoral as persoas que non teñan a condición de federada ou de membro da asemblea.
5. Os membros da xunta electoral elixirán entre eles ás persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría da mesma. No seu defecto, ostentará a presidencia da xunta electoral o membro elixido de entre eles de maior idade e a secretaría o de menor idade.
6. A xunta electoral constituirase no prazo máximo de dous días desde a data da convocatoria do proceso electoral.
7. Ao día seguinte da constitución da xunta electoral, a persoa que ocupe a secretaría desta enviará á Secretaría Xeral para o Deporte a relación de persoas que constitúen a xunta electoral.
8. O mandato dos membros da xunta electoral será ata a convocatoria do seguinte proceso electoral, e as eventuais vacantes que se produzcan serán cubertas polo mesmo procedemento e cunha duración polo tempo restante ata a convocatoria do seguinte proceso electoral.
9. Son funcións da xunta electoral:
 - a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
 - b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
 - c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
 - d) Proclamar as candidaturas a membros da asemblea xeral e a presidencia que reúnan os requisitos esixidos.
 - e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segundo se estableza neste regulamento electoral.
 - f) Coñecer e pronunciarse, en primeira instancia, sobre as reclamacións que se presenten en materia electoral. A xunta electoral está obrigada a resolver expresamente e no prazo concedido ao efecto todas as reclamacións que se formulen.



g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización que será cando remate o prazo para a impugnación da toma de posesión da presidencia da federación.

h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

2. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos, non sendo admisible a abstención.

3. A asistencia á xunta electoral é obligatoria salvo ausencia xustificada.

Capítulo III. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.



1. Poderán ser persoas electores e elixibles á asemblea xeral:

a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) as que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da celebración das votacións.

- Ter nacido en Galicia ou ter veciñanza administrativa galega.

- Ter licenza federativa en vigor na data da convocatoria das eleccións e dende o primeiro semestre do ano anterior ao da celebración das eleccións.

- Ter participado, dende xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións, nunha competición oficial celebrada en Galicia cada tempada. Este requisito non será esixible aos xuíces/árbitros. Tampouco será esixible aos deportistas das especialidades de skateboard e roller derby.

- As elixibles, non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos.

- As elixibles, non estar condenadas pola comisión dun delito en virtude de sentenza firme para ocupar cargos directivos.

b) No estamento de entidades deportivas, as que reúnan os seguintes requisitos:

- Entidades deportivas que figuren inscritas, dende xaneiro dos dous anos anteriores ao ano da celebración das eleccións, na federación galega de Patinaxe e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Que teñan participado, dende xaneiro dos dous anos anteriores ao ano de celebración das eleccións, como mínimo, nunha competición oficial en Galicia cada tempada.
- Quedan exentos de cumplir os precitados requisitos, agás o de estar inscritas na data da convocatoria das eleccións na federación galega de patinaxe e no rexistro de entidades deportivas de Galicia, as entidades deportivas pertencentes ás especialidades de skateboard e roller derby.

2. Para os efectos deste artigo entenderase como competición deportiva oficial de ámbito autonómico as cualificadas, organizadas e incluídas como tales no calendario oficial da Federación Galega de Patinaxe ou pola Secretaria Xeral para o Deporte dentro do seu ámbito competencial. Tamén se considerarán as competicións estatais e internacionais oficiais da federación española ou internacional ás que a federación galega de Patinaxe está adscrita.

3.Os membros da federación que pertenezan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á xunta electoral, que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde, no censo de xuíces/árbitros, no de adestradores ou no de deportistas; Os membros da federación que pertenezan a dous ou máis especialidades, e cumprindo para cada unha delas os requisitos do presente artigo, deberán optar por unha delas mediante escrito dirixido á xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. De non existir opción individual se incluirán no censo daquela especialidade practicada con máis antigüidade; e de ser esta a mesma na que haxa menos electores.

4. Poderán ter a condición de elixibles aquelas persoas físicas e xurídicas que atopándose sancionada por un procedemento disciplinario deportivo, a sanción non comporte a inhabilitación da condición de elixible.



5. A licenza federativa única é a expedida pola federación galega. No caso de electoras que cumprindo os requisitos establecidos no presente artigo, dispoñan dunha licenza federativa única expedida por unha federación distinta da galega, deberán solicitar por escrito, dirixido á xunta electoral, a súa intención de participar no proceso electoral no prazo establecido neste regulamento referente o censo electoral inicial.

Artigo 7. Das persoas electoras e elixibles á presidencia da federación e á comisión delegada.

1. Poderán ser electoras á presidencia da federación e á comisión delegada os membros da asemblea xeral elixidos en cada proceso electoral.

2. Poderán ser elixibles para a presidencia da federación as persoas que cumpran, na data de celebración da elección, os seguintes requisitos:

a) Calquera persoa maior de idade que presente unha candidatura, sexa ou non membro da asemblea xeral ou da federación.

b) Ter nacido en Galicia ou ter veciñanza administrativa galega.

c) A candidatura sexa avalada polo 10% dos membros da asemblea xeral.

d) Non fora inhabilitada para ocupar cargos directivos.

e) Non ter sido condenada pola comisión dun delito en virtude de sentenza firme pola que fora inhabilitada para ocupar cargos directivos.

3. Poderán ser elixibles para a comisión delegada as persoas físicas (deportistas, adestradores e xuíces/árbitros) é xurídicas (entidades deportivas) que teñan a condición de membro da asemblea xeral na data da celebración da elección.

Capítulo IV. Dos censos electorais.

Artigo 8. Do Censo electoral.

Elaboraranse tres censos electorais:



a) Censo inicial.

b) Censo provisional.

c) Censo definitivo.

O censo electoral, ordenado alfabeticamente, incluirá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no rexistro de entidades deportivas de Galicia (en listas diferentes), que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 6º do presente regulamento.

Incluiranse os seguintes datos: para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros:

Apelidos, nome, número de licenza federativa, número do DNI, de pasaporte ou, da tarxeta de residencia, club de pertenza, consideración de deportistas de alto nivel e domicilio a efectos de notificación. Por defecto, o domicilio reflectido para o estamento de deportistas e técnicos será o da entidade deportiva ao que pertenzan, e respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estos efectos indiquen a federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.

Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social, endereço e número de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia, endereço de correo electrónico así como a identificación do representante legal que exercerá o dereito a voto. Neste censo figurará como representante a persoa que ostenta a presidencia de cada entidade deportiva, que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia. Unha vez publicado o censo inicial, as entidades deportivas poderán designar como representante, e aos únicos efectos de emitir o voto, a unha persoa distinta a que ocupa a presidencia desa entidade, sempre que sexa membro da xunta directiva. Neste caso, a persoa designada figurará no censo definitivo como representante, sendo a única lexitimada para exercer o voto en representación desa entidade

Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.





a) Do censo Inicial :

Elaborarase un censo electoral inicial por cada estamento: clubs, deportistas, técnicos e árbitros.

Será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Patinaxe e na web na sección "procesos electorais", durante vinte días naturais, para posibles reclamacións ao mesmo durante dito prazo, mediante escrito remitido a xunta directiva, que resolverá, no seu caso, no prazo máximo de oito días naturais.

No citado prazo, as entidades poderán solicitar que figure como representante da mesma no censo e como votante unha persoa distinta ao presidente sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia.

Rematado este prazo, remitirase o censo electoral inicial xunto coas aclaracións, rectificacións ou reclamacións á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de cinco días, acompañado dunha relación das competicións oficiais de acordo cos calendarios deportivos oficiais do ano das eleccións e do anterior. A Secretaría Xeral para o Deporte, emitirá un certificado no prazo de dez días no caso de que as entidades non figuren inscritas no Rregistro de entidades deportivas de Galicia ou as competicións non estean no calendario deportivo oficial.

b) Do censo provisional :

A xunta directiva, á vista do certificado da Secretaría Xeral para o Deporte, dará de baixa no censo inicial ás entidades deportivas galegas non inscritas no Rregistro de entidades deportivas de Galicia, así como non terá en consideración as competicións non incluídas no calendario deportivo oficial, formulando o censo electoral provisional.

O censo electoral provisional publicarase simultaneamente coa convocatoria electoral e deberá ser remitido pola secretaría da federación á xunta electoral no prazo máximo de catro días naturais desde a convocatoria.

Será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da federación e no da delegación de Vigo, así como na páxina web da federación na sección "procesos electorais" por un prazo de dez días, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se consideren oportunas ante a xunta electoral.

Rematado o prazo de exposición pública, a xunta electoral resolverá as reclamacións no prazo de cinco días. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a reclamación formulada.

Contra a resolución das reclamacións ao censo electoral provisional poderá interpoñerse, nun pazo máximo de dous días naturais a contar desde a recepción da notificación da resolución da reclamación ou transcorrido o prazo máximo para resolver, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver nun prazo de cinco días.

c) Do censo definitivo:

Una vez resoltos os recursos, no caso de terse presentado, ou de non existir estes, a Xunta electoral elevará, no prazo de dous días naturais, o censo electoral provisional a definitivo, sen que caiba impugnación posterior.

O censo definitivo será exposto nos mesmos lugares e da mesma forma que os censos provisional e será exposto ata o día da votación á asemblea xeral. No suposto de existir máis dunha mesa electoral, no censo definitivo figurará a mesa electoral onde cada electoral pode exercer o seu derecho a voto.

Unha vez rematado o período para solicitar o exercicio de voto por correo e sendo definitivo as persoas electoras que foron autorizadas para exercer o voto por correo, o censo definitivo dividirase en dúas seccións, unha na que figuren as persoas electoras que non solicitaron o voto por correo e outra nun censo especial de voto por correo. En ningún caso poderá figurar unha persoa nas dúas seccións do censo electoral definitivo.

Capítulo V. Das mesas electorais.

Artigo 9. Mesas electorais.



Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:

I) Mesa electoral para a votación a candidatos da asemblea xeral da federación.

Constituiranse dúas mesas electorais para a elección dos membros da asemblea no día fixado no calendario electoral. O horario de apertura das mesas será o seguinte: 16:00 a 20:30 horas. Ubícaranse nos seguintes locais: Os electores de Lugo e A Coruña deberán votar na sede

federativa en A Coruña sita en Praza de Agustín Díaz, 3, 15008. Os electores de Ourense e Pontevedra, na delegación federativa en Vigo, sita en Av. da Florida, 9, 36210.

1. As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (unha presidencia, unha secretaría e unha vogal) e tres suplentes destas, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obligatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

2. A designación dos membros titulares e suplentes das mesas electorais realizarase nos dous días seguintes ao da proclamación definitiva das candidaturas. As persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo dos dous días seguintes, agás causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo.

3. Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á elección de membros da asemblea xeral.

4. Unha vez constituídos os órganos reitores da federación entenderanse disoltas as mesas electorais.

5. Son competencias da mesa electoral:

a) Comprobar a identidade dos votantes.

b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.

c) Proceder á conta de votos.

d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados e calquera outra incidencia, así como das incidencias e reclamacións, se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

e) Remitir á xunta electoral e a Secretaria Xeral para o Deporte a acta que será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polas persoas interventoras, se os houbera, e remitirse polo secretario, ao día seguinte das votacións á xunta electoral que deberá garantir a súa exposición pública mediante publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web da federación, www.fgpatinaje.com, no apartado “procesos electorais”.



f) Tamén será remitida pola secretaría e no citado prazo, unha copia da acta das votacións á Secretaría Xeral para o Deporte que se publicará na súa páxina web.

II) Mesa electoral de voto por correo.

A xunta electoral designará unha mesa electoral do voto por correo que adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo, coas seguintes peculiaridades:

- a) A súa sede será a da Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Se constituirá ás 16:00 horas do día seguinte hábil á data de celebración da votación presencial.
- c) Formará parte da mesa como un vogal máis da mesma unha persoa que ostente a condición de empregada pública designada pola persoa responsable da Secretaría Xeral para o Deporte. Nos supostos de empates o voto do presidente será dirimente.

III) Mesa electoral para a votación á presidencia e comisión delegada da federación

- a) A mesa electoral para a votación á presidencia da federación constituirase o día da votación na sede da federación, na Plaza de Agustín Díaz, nº 3, 15008, A Coruña; e adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo.
- b) A mesa electoral estará composta por tres membros: unha presidencia, unha secretaria e unha vogal, elixidos por sorteo entre os membros da asemblea xeral. O sorteo será realizado pola xunta electoral da federación.
- c) Ostentarán a presidencia e a secretaria os membros de maior e menor idade desta mesa electoral, respectivamente. Así mesmo, e ata que conclúa a elección da presidencia da federación, exercerán as funcións da presidencia e secretaria da asemblea xeral da federación.
- d) Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á presidencia da federación. A aceptación da condición de membro da mesa electoral implica a renuncia a presentar candidatura á presidencia da federación galega de patinaxe.



- e) Primeiro elixirse a presidencia da federación e a continuación procederase á elección dos membros que correspondan da comisión delegada da federación, entre os candidatos de cada estamento polos membros asembleístas de cada un deles .
- f) Unha vez constituídos todos os órganos reitores da federación entenderanse disoltas as mesas electorais.

Artigo 10. Das persoas interventoras.

1. Por cada mesa electoral, as persoas candidatas poden nomear interventoras da súa candidatura a calquera persoa maior de idade que serán identificadas ante a xunta electoral cunha antelación non inferior a tres días do día de realización das respectivas votacións.

Correspóndelle á xunta electoral expedir a correspondente acreditación como interventora.

2. As interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitarlle certificacións e formularlle protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde para presentar recursos ante a xunta electoral e Comité Galego de Xustiza Deportiva.

3. A Secretaria Xeral para o Deporte poderá designar, entre o seu persoal, a observadores nas mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, debendo emitir un informe do observado na xornada de votación.

Capítulo VI. Do proceso electoral.

Artigo 11. Convocatoria.

1. A convocatoria das eleccións será feita polo presidente da Federación Galega de Patinaxe, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose unha comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.

3. A convocatoria de eleccións comunicarase a Secretaría Xeral para o Deporte e publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación, así como na páxina web www.fgpatinaje.com. A



notificación da convocatoria de eleccións conterá cants datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- O calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- O censo electoral provisional.
- A distribución do número de membros da Asemblea Xeral por estamentos deportivos, sendo a circunscripción única de ámbito autonómico.
- Os modelos oficiais de sobres e papeletas.
- O regulamento electoral.
- O procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo.
- A forma de remisión da documentación á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte.
- A composición nominal e sede da xunta electoral da Federación e os prazos para a súa recusación, así como o enderezo, número de fax e enderezo electrónico da xunta electoral.

4. A convocatoria deberá ser obxecto da máxima publicidade e difusión posibles, utilizando todos os medios electrónicos e informáticos dos que dispón a federación, a lo menos no taboleiro de anuncios e na páxina web da federación, www.fgpatinaje.com.

Esta publicación será avalada, mediante certificación da Secretaria Xeral da Federación Galega de Patinaxe e será exposta xunto coa documentación anterior.

5. O acto da convocatoria poderá ser recorrido ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva nun prazo de cinco días hábiles dende a data da súa completa publicación, de acordo coa certificación anterior.

Artigo 12. Calendario electoral.



1. O calendario electoral para a elección dos membros dos órganos reitores da federación respectará os prazos, obrigas e prohibicións establecidos no decreto regulador dos procesos electorais das federacións deportivas.

2. O calendario electoral se publicará como anexo a convocatoria do proceso electoral.

3. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderase días naturais e expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día no que non estean abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores de entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte.

Artigo 13. Circunscricións electorais.

A circunscripción electoral para elixir:



- a) As persoas representantes das entidades deportivas na asemblea xeral será autonómica.
- b) As persoas membros do estamento de deportistas será autonómica.
- c) A técnicos, xuíces e árbitros e, se é o caso, outros colectivos interesados será a autonómica.

Artigo 14. Da campaña electoral.

1. Entendese por campaña electoral o conxunto de actividades licitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iniciarase ás 00:00 horas do día posterior á proclamación definitiva de candidaturas e rematará ás 00:00 horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a votación; desde este momento non se poderá realizar propaganda algúnhia en favor de ningunha candidatura.

Artigo 15. Papeletas e sobres.

1. As papeletas dos/das candidatos/as e os sobres de votación serán facilitados, en número suficiente, pola xunta electoral da federación á mesa electoral correspondente.

2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que vaia obter representación na asemblea xeral.

Capítulo VII. Do sistema de elección a membros da asemblea xeral.

Artigo 16. Das listas abertas.

O sistema de votación para participar no proceso electoral a membros da asemblea xeral responderá ao sistema de listas abertas.

Artigo 17. Sistema de votación a membros da asemblea xeral.

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario de 16:00 a 20:30 horas.

Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular).
3. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral.
4. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de dous días naturais que deberá resolver nun prazo de tres días.
5. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos administrativos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva.
6. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:



As vacantes que se produzan na asemblea xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da asemblea.

Os elixidos para ocuparen as vacantes a que se refire o apartado anterior exercerán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

Artigo 18. Composición da Asemblea xeral.

1. O número de membros da asemblea xeral é de 88, correspondendo ao estamento de entidades deportivas 57, ao estamento de deportistas 18, técnicos-adestradores 6 e a xuíces-árbitros 7.

Estamentos	Membros a elexir	%	H. P.	P. A.	P. V.	H. L.	Fr.	Roller Derby.	Skate
Entidades Deportivas	57	64	9 (18)	35 (70)	2 (2)	5(10)	1 (2)	3 (6)	2(4)
Deportistas	18	21	7 (272)	5 (172)	1 (18)	3(93)	1(1)	1 (7)	0
Técnicos-Adestradores	6	7	2 (57)	2 (64)	1 (2)	1 (2)	0	0	0
Jueces-Árbitros	7	8	2 (25)	2 (24)	1 (1)	1(1)	0	1(1)	0
	88		20	44	5	10	2	5	2,26
%		100	22,72	50,00	5,70	11,36	2,26	5,70	2,26

2. Os seus membros serán elixidos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e porcentaxes de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral estarán representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación: as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.

4. A representación das entidades deportivas corresponde á presidencia ou á persoa que conforme os estatutos de cada entidade lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante certificación do rexistro de entidades deportivas de Galicia na que figure expresamente as persoas que teñan a condición de representantes legais da entidade.

5. Non cabe representación das persoas físicas.

6. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

7. A persoa titular da presidencia da federación será membro nato da asemblea xeral.

8. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

9. A Federación axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Artigo 19. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral.

1. A porcentaxe de cada estamento será nas seguintes proporcións:

a) Representantes de entidades deportivas: entre o 40% e 70 %.

b) Representantes de deportistas: entre 20 % e 40%. Unha porcentaxe mínima do 10% das persoas representantes do estamento de deportistas deberá ser elixido por e de entre quen ostente a consideración de deportista galego ou galega de alto nivel na data de aprobación do censo provisional. Os e as deportistas de alto nivel que non desexen ser adscritos a este cupo deberán comunicalo expresamente á Xunta Electoral, e de non facelo serán encadrados no cupo reservado a deportistas de alto nivel. Cando o número ou a porcentaxe de deportistas de alto nivel nunha Federación non permita cubrir as vacantes correspondentes a dito colectivo, estas serán cubertas polas restantes persoas membros do estamento de deportistas.

c) Representantes de adestradores e adestradoras: entre 5 % e 10%.

d) Representantes de xuíces/árbitros: entre 5 % e 10 %.

2. Unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos e especialidades, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral no



prazo máximo de dous días hábiles fixará o número concreto de membros de cada estamento e especialidade, segundo as porcentaxes e criterios establecidos neste regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnable e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaria Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaria Xeral para o Deporte porá fin á via administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso administrativo.

3. A conformación do estamento de clubs deberá seguir o seguinte criterio: No caso de que o censo definitivo de entidades deportivas sexa inferior ou igual a 100, estarán representados no estamento de clubs un mínimo do 50% deles.

4. Cando o número de candidatos de calquera estamento e, no seu caso, especialidades, coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, durante o período electoral dos catro anos, o presidente procederá, no prazo máximo de 3 meses, á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 20. Das persoas candidatas a membros electos da asemblea xeral.



1. Poderá ser persoa candidata a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establecese un prazo de 5 días contados desde a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez rematado o prazo anterior, a xunta electoral no prazo de dous días proclamará a lista provisional de candidatos facéndo-a pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación, na sección "procesos electorais".

3. Poderán formularse reclamacións contra dita lista provisional de persoas candidatas no prazo, de tres días naturais ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

4. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

5. Unha vez resoltos os posibles recursos si as houbera, nun prazo de dous días hábiles, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 21. Das candidaturas á presidencia da federación galega.

1. Poderá presentar candidatura á presidencia da federación galega de Patinaxe aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 7.

2. O prazo para presentar as candidaturas será de cinco días hábiles, contados desde a proclamación definitiva de candidatos electos á asemblea xeral. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, mediante escrito dirixido á xunta electoral.

3. As persoas candidatas á presidencia deberán presentar as súas candidaturas e deberán ir avaladas polo 10% dos membros da asemblea xeral. Un membro poderá avalar cantos candidatos considere oportunos.

4. A xunta electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados por cada persoa candidata e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.

5. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de persoas candidatas e fará pública no taboleiro de anuncios da federación e na páxina web na sección "eleccións".

6. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de candidatas no prazo de 3 días ante a xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

7. Contra a resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que resolverá no mesmo prazo.

8. A proclamación definitiva de persoas candidatas á presidencia efectuarase no prazo de dous días desde a resolución do recurso anterior.

9. A persoa que resulte elixida como presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e non se poderá simultaneiar a presidencia dunha entidade deportiva coa presidencia da federación deportiva na que se integre a dita entidade deportiva.



10. Se algúm membro da comisión xestora presenta a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.



Artigo 22. Proclamación dos membros da asemblea xeral.

1. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral.
2. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de dous días que deberá resolver nun prazo de tres días.
3. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos administrativos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva.
4. As persoas candidatas que non resultaran electas conformarán unha listaxe ordenada de maior a menor número de votos por estamentos e cubrirán as vacantes que se produzan na asemblea xeral durante o mandato electoral.

5. No caso de renuncia ou vacante da metade mais un dos membros da asemblea xeral, constituirase unha comisión xestora conforme á composición establecida, que asumirá as funcións da asemblea xeral ata o remate do mandato electoral.

Capítulo VIII. Elección da presidencia e comisión delegada da federación.

Artigo 23. Constitución da asemblea xeral.

1. As persoas electas como membros da asemblea xeral tomarán posesión do seu cargo antes da sesión constitutiva que terá lugar na sede da federación, no prazo máximo de cinco días desde a súa proclamación definitiva. A toma de posesión formalizarase mediante a presentación dun escrito presentado pola persoa elixida aceptando o cargo e dirixido á xunta electoral, no prazo anteriormente fixado.

2. A sesión constitutiva da asemblea xeral será presidida pola mesa que se constitúa conforme ao dispuesto no artigo 9.III desde regulamento.

Artigo 24. Elección da presidencia da federación.

1. No día e hora fixados na convocatoria polo presidente da xunta electoral, constituirase a asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a presidente e a membros da comisión delegada.
2. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.
3. O voto dos membros da asemblea xeral será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.
4. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
5. Os candidatos poderán expor os seus programas, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.
6. No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuará votación.
7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas realizarase unha nova convocatoria da asemblea xeral nun prazo nin inferior a sete días nin superior a catorce días naturais. Se nesta segunda convocatoria non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de tres meses.
8. Unha vez presentadas a totalidade das candidaturas iniciarase o proceso de votación.
9. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da listaxe definitiva.

Aquelas que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10% dos votos pasarán á seguinte votación aquelas dúas candidaturas que contem cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación a seguinte candidatura en número de votos. De acadarse por algúna candidatura a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado presidente ou presidenta da federación.



10. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións establecidas, obtivesen polo menos o 10% dos votos emitidos. Será elixido presidente ou presidenta da federación a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

11. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría absoluta dos votos emitidos, procederase a unha terceira e nova votación entre as dúas candidaturas más votadas na segunda votación, no prazo de trinta minutos, e resultará elixida a que obteña maioría de votos. Para o caso de empate, resolverase a favor do de maior antigüedad na federación (si é posible obtela de forma fehaciente) e noutro caso ou de persistir o empate, a favor do de maior idade.

12. Rematada a elección, a secretaría da mesa levantarán a acta correspondente, que se exporá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da federación e na súa páxina web. Contra a resolución da xunta electoral cabrá interpoñer, no prazo de tres días, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

13. Finalizado o prazo de reclamacións, recursos e da súa resolución, a xunta electoral procederá á proclamación definitiva do cargo de presidente ou presidenta da federación.

14. Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de presidente ou presidenta da federación, procederase á toma de posesión no seu cargo, da cal levantarán acta a secretaría da xunta electoral. Unha copia desta acta será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de dous días.

Artigo 25. Elección de membros da comisión delegada.

1. Os membros da comisión delegada elíxense por e entre os membros da asemblea xeral, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, podendo substituirse anualmente, polo mesmo procedemento, as vacantes que se produzan. O voto por correo non poderá utilizarse en ningún caso para a elección dos membros da comisión delegada.

2. O número de membros da comisión delegada da Federación Galega de Patinaxe será de seis más o presidente, que pertence a mesma como membro nato da mesma. Deberá gardarse a seguinte proporción:

- Un terzo da comisión delegada debe ser designado polo titular da presidencia da Federación (dous membros).



- Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (dous membros).

- Un terzo corresponderá aos demais estamentos (dous membros), en proporción a súa respectiva representación na asemblea xeral, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos.

3. Poderán ser candidatos a membro da comisión delegada os membros da asemblea xeral mediante escrito dirixido a xunta electoral, facendo constar a condición de membro da asemblea xeral e manifestando expresamente a vontade de se presentar como candidato a membro da comisión delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de tres días hábiles dende a proclamación definitiva dos membros que componen a asemblea. Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos enténdense automaticamente elixidos sen votación e poderán presentarse no acto da asemblea xeral para cubrir as vacantes outros candidatos que serán sometidos a votación entre os restantes membros da asemblea. No caso de empate procederase a unha segunda votación entre os candidatos empatados, e se persiste o empate resolverase por sorteo.

5. O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta. Actuará como secretario o da federación.

Capítulo IX. Da xornada electoral.

Artigo 26. Constitución da mesa electoral.



1. As persoas designadas como membros da mesa electoral para a votación a membros da asemblea xeral e os seus suplentes e da mesa electoral para a votación á presidencia de cada federación, reuniranse o día das votacións unha hora antes da apertura do colexio electoral e procederán á constitución de dita mesa.

2. Se a presidencia ou os vogais non acoden serán substituídos polos seus suplentes.

3. En ningún caso se poderá constituír a mesa electoral sen a presenza da persoa presidenta e persoa secretaria da mesa.

4. No caso de ausencia da persoa presidenta e persoa secretaria, os membros da mesa presentes e os suplentes que acudan redactarán e asinarán unha declaración dos feitos acontecidos, e

asumirán a función de presidencia ou secretaria, completando a mesa, total ou parcialmente, no seu caso, coas persoas electoras que estean presentes no local.

5. Transcorrida media hora desde a constitución da mesa electoral, a secretaria redactará a acta de constitución, que será asinada pola presidencia e os vogais.

6. A mesa electoral deberá dispoñer dun censo electoral definitivo para cada un dos membros da mesa, no que figurarán dous listaxes, unha das persoas electoras que poderán exercer o seu dereito a voto presencialmente e outro coas persoas electoras que tiveran solicitado o exercicio do voto por correo, que non poderán votar presencialmente en ningún caso.

Artigo 27. Das votacións.



1. Constituída a mesa electoral e na hora prevista a presidencia da mesa electoral anunciará publicamente o inicio das votacións.

2. Unha vez iniciado o acto de votación non se poderá suspender, agás causa de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da presidencia da mesa electoral. No caso de suspensión, levantarase a correspondente acta, que será remitida no prazo das vinte e catro horas seguintes á xunta electoral, a fin de que se sinale a data en que se repetirá o acto de votación.

3. O dereito a votar será acreditado no censo electoral, non podendo exercer o voto presencial aquelas persoas electoras que tiveran solicitado o voto por correo. Para a súa identificación, a persoal electora deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde exclusivamente á persoa que figura no censo electoral definitivo. As persoas electoras poderán marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata mais das que lles corresponde elexir ao estamento e/ou circunscripción electoral á que pertence.

4. A secretaria da mesa electoral anotará as persoas que voten, con indicación do número co cal figure no censo, así como o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir xunto coa representación con que exerce o seu dereito a voto, se se trata dunha persoa xurídica.

5. O voto será secreto a as persoas electoras depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta introducida nun sobre.

6. A presidencia da mesa electoral será encargada de velar para que a entrada ao local das votacións sexa libre, de manter a orde nel durante a votación e escrutinio e de asegurar a liberdade das persoas electoras no colexio electoral.
7. A presidencia da mesa electoral, logo de consulta co resto das componentes da mesa, poderá expulsar do colexio electoral a calquera persoa que interfira a boa marcha das votacións.
8. Rematado o período sinalado para a votación, o presidente da mesa electoral anunciará que vai rematar e preguntará se algún dos electores presentes non votou, admitíndose os votos que se dean a continuación e non se permitirá a ninguén máis a entrada no local.
9. Acto seguido, votarán as persoas membros da mesa, sempre que teñan derecho, e declararase pechada a votación.
10. No caso de rematar o exercicio do voto da totalidade das persoas electoras que figuren no censo, a presidencia da mesa electoral dará por finalizada a xornada electoral e poderá iniciar o proceso de escrutinio de votos.

Artigo 28. Escrutinio.

1. Declarada pechada a votación comenzará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.
2. A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.
3. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os componentes da mesa electoral.
4. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón, non se poida determinar inequivocadamente a candidatura elixida: aqueles votos en que se marquen máis nomes dos permitidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis de unha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.



5. Consideraranse votos en branco aqueles sobreos que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobreos que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

6. Feito o reconto de votos segundo as operacións anteriores, que exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.

7. Concluídas as operacións, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, na que figuraran, obligatoriamente, os seguintes datos:

a) Número de persoas electoras inscritos no censo de voto presencial.

b) Número de votos emitidos.

c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.

d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.

e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.

f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

8. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto, serán remitidas pola secretaria á xunta electoral e á Secretaria Xeral para o Deporte antes das 16:00 horas do día primeiro díía hábil seguinte ao da votación.

9. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Patinaxe, é na súa páxina web, desde o día seguinte das votacións e durante dous días.

Artigo 29. Documentación electoral.

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobreos.



2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

- a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
- b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
- c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.
- d) Acta de escrutinio.

3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.

4. Unha vez pechados os sobres, a presidencia e os vogais asinaranlos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á xunta electoral, e a Secretaria Xeral para o Deporte.

Artigo 30. Do voto por correo.



1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea Xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. En ningún caso as persoas electoras que solicitaran o exercicio do derecho a voto por correo poderá emitir o voto de forma presencial.

3. As persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:

a) A persoa electora solicitará por escrito o seu derecho ao voto por correo á xunta electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumplimentando o documento normalizado que se axustará o anexo do presente regulamento electoral. Diariamente a xunta electoral remitirá electrónicamente á Secretaria Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluirse no censo de persoas con derecho a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurassen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitalo remitido á Secretaria Xeral para o Deporte.

b) A solicitude presentarase persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da Federación Galega de Patinaxe, na sede federativa en A Coruña ou na delegación de Vigo, e que deberá trasladala solicitude á xunta electora.

c) No caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, deberá acreditarse tal extremo mediante certificado médico e poderá ser exercido ese derecho en nome da persoa electora mediante representación autorizada notarialmente e por documento que se estenderá individualmente en relación con cada persoa electora e sen que no mesmo poida incluírse a varias persoas electoras, non podendo unha persoa representar a mais dun elector. Nestes casos, a xunta electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias ás que se refire este apartado.

d) Recibida a solicitude, a xunta electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.



e) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaria Xeral para Deporte, e publicarase ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.

f) A xunta electoral enviará á persoa electora por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1, "de votación" e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.

g) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais.

h) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento a que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de Correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e selará o certificado. Unha vez feito isto, o sobre coa votación introdúcese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada e que autoriza o voto por correo e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina

Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaria Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

4. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

5. O sobre se remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos que figuran no Anexo I de este Regulamento.

6. O elector que solicitara o voto por correo e este no listado do mesmo, non figurará no listado para realizar o voto presencial, non podendo realizar este, únicamente o de correo.

- Escrutinio do voto por correo.

1. Constituída a mesa, nas condicións establecidas neste regulamento, o presidente procederá ao desprecintado das sacas e procederase á comprobación da correspondencia entre os sobres e o censo electoral.

2. Unha vez comprobado, os membros da mesa procederán a abrir o sobre principal e a clasificar os sobres por estamentos, procedendo o presidente de seguido a introducilos na urna correspondente.



3. Unha vez finaliza a introdución dos sobres nas urnas, comenzará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

4. A presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.

5. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os componentes da mesa electoral.

6. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola xunta electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón, non se poida determinar inequivocadamente a candidatura elixida: aqueles votos en que se marquen máis nomes dos establecidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis de unha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algúna reclamación sobre elas.

7. Consideraranse votos en branco aqueles sobreos que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobreos que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

8. Feito o reconto de votos segundo as operacións anteriores, que exerza a presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.

9. Concluídas as operacións, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, na que figuraran, obligatoriamente, os seguintes datos:

a) Número de persoas electoras inscritos no censo de voto por correo.

b) Número de votos emitidos.

c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.

d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.

e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.

f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

10. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola secretaría á xunta electoral e á Secretaria Xeral para o Deporte antes das 16:00 horas do día primeiro día hábil seguinte ao da votación.

11. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Patinaxe e na súa páxina web, desde o día seguinte das votacións e durante dous días.

- Documentación electoral.

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobreos.



2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

- a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
- b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
- c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.
- d) Acta de escrutinio.

3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.

4. Unha vez pechados os sobres, a presidencia e os vogais asinaranlos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á xunta electoral, e a Secretaría Xeral para o Deporte.

Capítulo X. Da moción de censura.

Artigo 31. Moción de censura.



A presentación dunha moción de censura contra a persoa presidenta da Federación Galega de Patinaxe axustarase ós seguintes criterios:

- a) Non poderá presentarse durante os seis primeiros meses de mandato, nin cando resten entre seis meses e un ano ata a data a partires da cal poida realizarse a convocatoria de eleccións, circunstancia a determinar polas normas da federación.
- b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte dos membros da asemblea xeral e incluirá necesariamente unha persoa candidata á presidencia da federación.
- c) A presentación da moción de censura dirixirase á xunta electoral da federación, que deberá resolver o que proceda no prazo de dous días hábiles.

d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, a presidencia da federación deberá convocar a asemblea xeral nun prazo non superior a corenta e oito horas, a contar desde que lle sexa notificada a admisión. A asemblea xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a quince días nin superior a trinta días, a contar desde que fora convocada.

e) Unha vez convocada a asemblea extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez primeiros días seguintes a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscrita por quem promovera a inicial.

f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección da presidencia. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persoa que ocupa a presidencia, se requirira que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta dos membros da asemblea xeral.

Se a moción fora aprobada, a persoa candidata que resulte elixida permanecerá no cargo polo tempo que restase ata a finalización do período de mandato da anterior presidencia.

g) Se a moción fora rexeitada pola asemblea xeral, as persoas signatarias non poderán presentar outra ata transcorrido un ano, a contar desde o día da súa votación e rexeitamento.

h) Informarase a través da páxina web da federación da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da asemblea xeral, así como do resultado.

i) As decisións que adopten os órganos federativos en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación da moción de censura, ou mocións alternativas, poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles.

Capítulo XI. Da réxime de reclamacións e recursos.



Artigo 32. Reclamacións ante a xunta electoral.

1. O coñecemento de todas as reclamacións que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, e serán todas as súas resolucións impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. Están lexitimados para interpoñer estas reclamacións as persoas representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

3. As reclamacións ante a xunta electoral serán presentados persoalmente ou por calquera medio que acrede fidedignamente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama, correo electrónico...), na sede federativa mediante escrito dirixido á presidencia da xunta electoral, facendo constar o enderezo de correo electrónico a efectos das notificacións das resolucións das reclamacións

4. Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da xunta electoral serán de dous días hábiles, e respectaranse en todo caso os establecidos no Decreto que regula este proceso electoral si se estableceran outros distintos.

Artigo 33. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

De acordo co disposto no artigo 88 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, correspondelle ao Comité Galego de Xustiza Deportiva o coñecemento e a resolución dos recursos que neste proceso electoral adopte a federación, podendo adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade do proceso electoral.

1. Contra os acordos e resolucións da xunta electoral procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

2. Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

3. Os prazos de imposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de tres días hábiles contados dende o seguinte as da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se fora o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.

4. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

a) O nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal. Tamén



deberá constar o enderezo de correo electrónico a efectos das notificacións das resolucións das reclamacións

b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

c) A lexitimación para interpoñer o recurso.

d) O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación.

e) As consideracións de feito e de dereito en que se baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquellas.

f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.

g) Lugar, data e sinatura.

5. O Comité Galego de Xustiza Deportiva será competente para coñecer, en última instancia administrativa, dos recursos interpostos contra:

a) O acordo de convocatoria das eleccións, así como contra o calendario electoral e fronte a composición da Xunta electoral.

b) As resolucións que se adopten en relación con o censo electoral provisional e definitivo.

c) As resolucións adoptadas durante o proceso electoral pola comisión xestora e a xunta electoral da federación en relación co proceso electoral e as restantes cuestións previstas na norma que regula este proceso electoral.

Artigo 34. Interposición dos recursos.

Os recursos dirixidos ó Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse nos órganos federativos ou xunta electoral que, no seu caso, adoptarán as actuacións, acordos ou resolucións que se pretenden impugnar ou nos lugares previstos no artigo 44 do Decreto 120/2013 de 24 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva. Transcorrido o prazo correspondente sen que se interpuxera o recurso, os acordos ou resolucións serán firmes.



Artigo 35. Tramitación dos recursos.

Á tramitación dos recursos atribuídos ao coñecemento do Comité Galego de Xustiza Deportiva aplicaráselle a lexislación sobre procedemento administrativo común e o Decreto 120/2013 do 24 de xullo polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva

En A Coruña, a

Asdo: Presidente da Federación Galega de Patinaxe

